

## REGULAMENTO VII RUTA OS BROCAMONTES

### PRESENTACION

O Clube Os Brocamontes de Guitiriz, organiza cos debidos permisos e autorizacións a VII Ruta Os Brocamontes. Vai dirixida a propietarios de motos, quads, ATVs e UTVs que teñan toda a documentación en regra. Non é unha competición, é unha excursión turística para disfrutar da natureza e pasar un bo día.

### HORARIO DE SAÍDA E CHEGADA

- Lugar de saída e chegada: Restaurante A Casilla (Guitiriz)
- 8:00 Comezo de Inscricións e almorzo.
- 9:00 Comezo da Ruta.
- 14:30 Xantar no Polígono Industrial de Begonte
- 18:30 Fin da Ruta.
- 22:00 Cea no Restaurante A Casilla (Guitiriz)

### INSCRICIÓN

O límite de participantes será de 110, unha vez chegado a esa cantidade pecharanse as inscricións.

A inscrición poderase facer dende o 1/03/2019 ata o venres día 8/03/2019.

A inscrición e posterior pago só se pode facer por internet con tarxeta de crédito a través da web **Champion Chip Norte**.

<https://championchipnorte.com/evento/inscribirse/dp/14?search=>

Para que a inscrición sexa efectiva é preciso enviar por email a copia do recibo do seguro do vehículo e xustificante de ITV en vigor. Todo inscrito que non o teña enviado antes das 23:59 horas do 8/03/2019 será dado de baixa e considerárase non inscrito na ruta.

O prezo da inscrición será de:

- 65€ para o piloto.
- 65€ para o acompañante.
- 25€ para acompañante só á cea.

O track da ruta enviarase a cada participante por correo electrónico á dirección indicada no boletín de inscrición, o xoves 14/03/2019.

### PRESTACIÓNS POR INSCRICION

**-Seguro de accidentes dos participantes, obrigatorio para estes eventos.**

- Servizo de remolque e persoal de seguridade
- Café e bocata a media mañá.
- Xantar.
- Duchas, Aseos e Vestiarios.
- Lavado de vehículos.
- Cea ó finalizar a Ruta no Restaurante A Casilla

### REGULAMENTO

O Clube Os Brocamontes de Guitiriz organiza cos debidos permisos e autorizacións a VII Ruta Os Brocamontes baixo o seguinte regulamento:

1. Consta dun percorrido de 128 Km d que discorre por montes dos concellos de Guitiriz, Begonte, Vilalba e Friol.
2. A ruta **NON estará MARCADA**, proporcionarase un TRACK para guiarse por GPS. Os cruces con estradas asfaltadas e puntos perigosos sí estarán marcados.
3. Os vehículos admitidos serán motos, quads, ATVs e UTVs que cumpran o Código de Circulación no referente a permiso de circulación, seguro e ITV. Todo vehículo que non teña os papeis en regra non poderá participar en dita ruta.
4. Para a repostaxe, cada participante debe levar combustible en garrafas homologadas. A organización transportará a gasolina a un punto intermedio (bocadillo a media mañá) é o lugar do xantar (Km 80). Recoméndase repostar no lugar do bocadillo ós vehículos de menos autonomía, dado que o tramo da mañá é bastante longo.
5. Todos os participantes se consideran en excursión persoal, debendo atermos ás Normas do Vixente Código de Circulación en estrada e considerándose persoalmente responsables de todas as infraccións que poidan cometer.
6. Todos os participantes están obrigados a cumprir as indicacións da Organización.
7. A Organización resérvase o dereito de modificar todo o relativo a itinerarios, horario de saída, etc.... cando motivos ou circunstancias extraordinarios así o aconsellen.
8. Os participantes contan con seguro de accidentes contratado pola Organización. As coberturas pódense consultar no seguinte enlace: <https://drive.google.com/open?id=1-yCV-VTiHstdhIT8AjlTh4oR4pki7LOi>
9. A Organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidese ser causa ou vítima o participante, como tampouco se fai solidaria dos gastos nin as débedas que puidesen contraer os participantes durante a ruta.
10. O mero feito de inscrición nesta ruta implica a aceptación do presente regulamento e a renuncia a todos os dereitos contra os organizadores derivados dos danos que se poidan ocasionar na ruta.

Para mais información:

Correo electrónico: brocamontes@hotmail.es

Teléfono: Pichi 620345611

Luis 654176078

Cartín 696507175

## UBICACIÓNS

### INSCRICIÓNS, SAÍDA E CHEGADA RUTA:

Hostal Restaurante La Casilla  
Rúa da Amizade, 19, 27300 Guitiriz, Lugo  
982 37 01 88  
<https://goo.gl/maps/ifQzsfHHsNH2>



### DUCHAS:

Piscina Municipal  
Paseo dos Sete Muíños, s/n, 27300 Guitiriz, Lugo  
982 37 01 09  
<https://goo.gl/maps/VtdRqXoSe7N2>

